

ALEGACIONES HUMANAS

Única. Antes de proceder a enumerar as alegacións de dereito de acordo coa lexislación aplicable a este caso, exporei a razón primeira -e abofé a máis importante- pola que as miñas peticións deberían ser atendidas: a miña propia natureza de ser humano. Toda persoa ten dereito a vivir cunhas condicións mínimas que non só permitan a súa supervivencia, senón que fagan posible que a súa vida se desenvolva con dignidade. Cando, polas causas que sexan, ditas condicións non se dean, correspóndelle ás institucións públicas garantir que non se vexan vulnerados eses dereitos sociais básicos.

Pois ben, nestes momentos nos que a brutal dinámica que impón o sistema capitalista dominante, preocupado por salvagardar intereses mercantilistas e financeiros, fai que, quizáis máis que nunca, a riqueza de todos e todas se acumule en mans dunha minoría mentres a maioría carece do indispensable para vivir dignamente, é de xustiza esixir ás institucións públicas que se fagan responsables do benestar da cidadanía e que garantan, con políticas activas de integración e asistencia, e co reparto equitativo dos recursos, que todas as persoas vivan en condicións de igualdade e dignidade. Non se trata neste aspecto dunha responsabilidade xurídica, que como veremos a continuación tamén existe, senón en primeiro termo dunha obriga inexcusable de carácter ético.

ALEGACIONES DE DEREITO

A) Preceptos Constitucionais:

I. Sinala o propio Preámbulo da LO 4/2001 que se garante unha maior participación dos cidadáns e dos grupos en que se integran, na cousa pública; unha maior implicación das estruturas institucionais sobre as que se asenta o noso Estado social e democrático de Dereito.

Regúlase este dereito como canle de expresión en defensa dos intereses lexítimos e como participación cidadá nas tarefas públicas.

Polo mesmo, invoco o dereito constitucional de petición contido no Art.29 C.E. Dereito de petición, do que goza toda persoa, prescindindo da súa nacionalidade, ante calquera institución pública, administración ou autoridade, respecto das materias da súa competencia, e sobre calquera asunto, con independencia de que afecte exclusivamente ao petionario ou sexa de interese colectivo ou xeral (artigos 1, 2 e 3 da LO 4/2001).

A petición de que se trate deberá de ser contestada e notificada dita resolución no prazo máximo de tres meses desde a súa presentación (artigo 11 LO 4/2001).

Segundo dispón o artigo 12 da LO 4/2001, este dereito pode fundamentar un recurso de amparo ordinario (Art. 1.2 da lei 62/1978 de 26 de decembro, de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais das persoas) e constitucional (Art. 53.2 CE e 41 a 58 de LOTC).

II.- Igualmente, sinalo que o Art. 10 da Constitución indica que a dignidade da persoa e os dereitos que lle son inherentes constitúe o fundamento da orde política.

III.- O Art. 9.2 da Constitución determina que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en

que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

IV.- O Art. 9.3 asegura o principio de responsabilidade dos poderes públicos.

V.- O Art. 10.2 sinala que as normas relativas a dereitos fundamentais interpretaranse de conformidade coa Declaración dos Dereitos Humanos e os tratados internacionais subscritos por España.

VI.- O Art. 41 da Constitución asegura que os poderes públicos GARANTEN a asistencia e prestacións sociais ante situacións de necesidade.

VII.- O Art. 50 CE sinala: “Os poderes públicos garantirán, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda e ocio”.

VIII.- Por último, pero non menos importante, non se pode esquecer que o modelo de estado xurdido do pacto constitucional é “O Estado SOCIAL e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a XUSTIZA, a IGUALDADE e o pluralismo político”.

b) Declaracións e Acordos Internacionais de directa aplicación en España:

I.- Art. 25.1 Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) “Toda persoa ten dereito a un **nivel de vida** adecuado que lle asegure, así como á súa **familia**, a **saúde** e o **benestar**, e en especial a **alimentación**, a **vestimenta**, a **vivenda**, a asistencia **médica** e os **servizos sociais** necesarios; ten así mesmo, dereito aos seguros en caso de desemprego, enfermidade, invalidez, **viudez**, **vellez** ou outros casos de perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes da súa vontade”.

II.- Art. 2.1 Pacto Internacional Dereitos Económicos, Sociais e Culturais: “Cada un dos Estados... comprométese... á adopción de medidas legislativas, a plena efectividade dos dereitos aquí recoñecidos”.

III.- Art. 7º PIDESC: “Os estados recoñecen o dereito de toda persoa a (...) ii) Condicións de existencia digna para eles e para os seus familiares”.

IV.- Art. 14 CSE-I “Toda persoa ten dereito a se beneficiar de servizos de benestar social”.

V.- Art. 13, 3 CSE-II: Os estados comprométese a “dispór o preciso para que todas as persoas poidan obter por medio de servizos adecuados, públicos ou privados, o asesoramento e axuda persoal necesarios para previr, eliminar ou aliviar o seu estado de necesidade persoal ou familiar”.

VI.- Art. 2 Tratado da Comunidade Europea (TCE): “A Comunidade terá por misión... un desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sostible das actividades económicas no conxunto da Comunidade, un alto nivel de emprego e de protección social, a igualdade entre o home e a muller... a elevación de nivel e calidade de vida”.

VII.- Art. 136 TCE: “Os Estados membros terán como obxectivo... a mellora das condicións de vida e de traballo, unha protección social axeitada, o diálogo social, o desenvolvemento dos recursos humanos... e a loita contra as exclusións”.

VIII.- Art. 34.3 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea: “Co fin de combater a exclusión social e a pobreza, a Unión reconece e respecta o dereito a unha axuda social para garantir unha existencia digna a todos aqueles que non dispoñan de recursos suficientes”.

IX.- Incluso o Art. 24 da Carta Comunitaria dos Dereitos sociais fundamentais dos traballadores (Estrasburgo, 9 de decembro 1989) sinala “Toda persoa que alcanzara a idade de xubilación, pero que non teña dereito a pensión e que non teña outros medios de subsistencia, debe poder disfrutar de recursos suficientes e de unha asistencia social e medidas adaptadas ás súas necesidades específicas”.

X.- A Recomendación sobre criterios comúns relativos a recursos e prestacións suficientes nos sistemas de protección social (Consello das Comunidades Europeas de 24 de xuño de 1992 -92/441/CEE-), establece a recomendación de que todos os Estados membros reconezan o dereito fundamental da persoa a recursos e prestacións suficientes para vivir conforme á dignidade humana... A prestación será sen límite de duración, sempre que se cumpran as condicións de acceso, podendo asignarse por períodos de tempo, limitados pero renovables... a reinserción das persoas máis pobres nos sistemas de dereito xeral deberá constituír un obxectivo paralelo. Deberase simplificar todo o posible os procedementos e as modalidades de acceso a este dereito... concedendo ás persoas ou familiares cuxos recursos sexan inferiores ao importe así fixado, unha axuda diferencial que lles permita alcanzalo.

c) Outras disposicións aplicables ao caso:

I.- Art. 3.2 LRJAEPAC “as administracións públicas réxense na súa actuación polo criterio de eficiencia e servizo aos cidadáns”.

II.- Ley de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado 6/1997 de 14 de abril sinala entre os seus principios de organización e funcionamento (artigos 3 e 4) “simplicidade, claridade e proximidade cos cidadáns” e “servizo efectivo aos cidadáns”, “asegurando a efectividade dos seus dereitos cando se relacionen coa Administración”.

III.- Ley 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local indica que o Municipio exercerá en todo caso a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.

No mesmo sentido dispoñen os artigos 61 e 62 da Lei de Servizos Sociais de Galicia que “De cara a garantir unha oferta pública de servizos sociais a todas as persoas, con independencia da súa residencia, todos os concellos de Galicia asegurarán, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia”.

IV.- A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia sinala no seu artigo 3 que son obxectivos do sistema galego de servizos sociais os seguintes:

- Facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.
- Garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia.
- Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas outras persoas que se atopan en situación de conflito ou de desamparo.
- Previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores.
- Promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.
- Facilitar a aplicación efectiva nos servizos e programas de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e exclusión social.
- Garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolvan as personas.
- Sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade e integración na sociedade galega.
- Promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Igualmente, o artigo 4 dispón que:

- . O sistema está aberto a toda a cidadanía, nos termos establecidos no artigo 5º da presente Lei, tanto no ámbito preventivo como no da intervención social, con carácter gratuito no seu acceso, establecendo o tipo de intervención en función das situacións concretas e as necesidades valoradas.
- . Os poderes públicos garantirán o dereito subxectivo, universal e esixible aos servizos sociais con criterios de igualdade e equidade, mediante a disponibilidad de servizos sociais públicos a través da regulación e aportación dos medios humanos, técnicos e financeiros e dos centros necesarios.
- . As intervencións dos servizos sociais coas persoas e o seu contorno serán abordadas con profesionalidade, de xeito individual mediante a avaliación integral e personalizada das necesidades, con respecto dos seus dereitos e, en especial, da súa dignidade e intimidade.
- . É obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis convenientes e os apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen, segundo a natureza dos servizos, a súa idoneidade e as condicións de utilización dos mesmos e sempre con respecto á libre decisión das persoas.
- . Promoverase a creación e desenvolvemento de instrumentos e mecanismos de relación

interadministrativa que garantan unha actuación coordinada no campo do benestar social e a igualdade, tanto por parte dos diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolvan políticas públicas que incidan no benestar social como polo resto de administracións públicas e entidades integradas no sistema, sexan de carácter público ou privado.

Pola súa banda, o artigo 6 recoñece, entre outros, os seguintes dereitos:

-. A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no centro, programa ou servizo.

-. A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios de cara ao seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

-. A recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e prestacións do sistema galego de servizos sociais.

-. A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalidade no proceso de intervención social.

V.- Finalmente, a modo de resumo, recollerei o disposto no preámbulo da Ley de Servizos Sociais de Galicia que establece que nos atopamos nun novo escenario no que resulta decisivo un pacto social a favor dos sectores máis vulnerables e da calidade de vida para todas e todos, pacto que se debe substanciar nun compromiso orzamentario.

En virtude do cal, e ao amparo de todas as alegacións invocadas, por medio do presente escrito, **SOLICITO:**

Teña por presentado escrito de petición, acordando se me aprobe a concesión dunha renda que veña a cubrir as miñas necesidades básicas. Entendo que dita renda non podería ser inferior aos 863 € por persoa ao mes, xa que por baixo desa contía estaríanme a colocar en situación de pobreza segundo as estatísticas.

Vigo, ____ de _____ de 20__